



**Acordo de Consello de Goberno, de 24 de xullo de 2026, polo que se aproba a adaptación da normativa específica do Programa de simultaneidade do Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios ao Regulamento 1/2025, do 30 de xaneiro, do Consello de Goberno, para a ordenación de programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións de grao e máster con itinerario específico**

O [Regulamento](#) 1/2025 establece o marco regulador aplicable aos Programas de Simultaneidade da Universidade da Coruña e dispón que cada programa deberá contar cunha normativa específica adaptada ao seu contido e ás previsións da nova regulación.

Así mesmo, a disposición transitoria segunda do regulamento establece que os Programas de Simultaneidade impartidos no curso académico 2024/25 deberán adaptar a súa normativa específica ao novo regulamento con anterioridade ao comezo do curso 2026/27.

Co fin de dar cumprimento a esta previsión normativa, os centros responsables dos programas elaboraron as correspondentes propostas de adaptación das súas normativas específicas.

Polo exposto, o Consello de Goberno, na súa sesión de 24 de xullo de 2025, acordou a aprobación da normativa específica do Programa de simultaneidade do Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios ao Regulamento 1/2025, do 30 de xaneiro, do Consello de Goberno, para a ordenación de programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións de grao e máster con itinerario específico, que figura como Anexo.

O reitor

## **MEMORIA DO PROGRAMA DE SIMULTANEIDADE DO “GRAO EN ESPAÑOL: ESTUDOS LINGÜÍSTICOS E LITERARIOS” E O “GRAO EN INGLÉS: ESTUDOS LINGÜÍSTICOS E LITERARIOS” POLA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

**Centro académico responsable:**  
**Facultade de Filoloxía**

Este programa foi aprobado pola Xunta de centro na sesión do 2 de xullo de 2026; a Comisión Permanente delegada da mesma aprobou modificacións o 17 de xullo de 2026.

Este programa foi aprobado polo Consello de Goberno na sesión do 24 de xullo de 2026.

## 1. Autorización do Programa de Simultaneidade

A Universidade da Coruña (UDC) aproba a posta en marcha dun Programa Académico de Simultaneidade de dobre titulación, cun itinerario específico proposto pola/s Facultade de Filoloxía, que lle permite ao estudantado cursar simultaneamente os estudos oficiais de *Grao en español: estudos lingüísticos e literarios* e *Grao en inglés: estudos lingüísticos e literarios* (a partir de agora, “Programa de Simultaneidade”, “Grao en Español” e “Grao en Inglés” respectivamente).

Este programa organízase de acordo a un itinerario formativo específico que establece unha ordenación temporal das diferentes disciplinas que se van a cursar baseada nos plans de estudos oficiais de ambos os títulos e segundo o disposto nos seguintes artigos.

## 2. Proxecto formativo

### 2.1. Denominación e duración do Programa

Esta memoria presenta e describe o Programa de Simultaneidade do *Grao en español: estudos lingüísticos e literarios* e o *Grao en inglés: estudos lingüísticos e literarios*. O estudantado que supere este Programa de Simultaneidade obterá os dous títulos de *Grao en español: estudos lingüísticos e literarios* e *Grao en inglés: estudos lingüísticos e literarios*.

O Programa terá unha duración de 5 cursos académicos, distribuídos en 10 cuatrimestres, segundo a estrutura resumida no cadro seguinte e detallada no apartado 2.5:

| Curso | Créditos | Tipo de materias                   |
|-------|----------|------------------------------------|
| 1º    | 60       | Formación básica                   |
| 2º    | 60       | Obrigatorias                       |
| 3º    | 72       | Obrigatorias                       |
| 4º    | 69       | Obrigatorias (60) + Optativas (9)  |
| 5º    | 63       | Obrigatorias (36) + Optativas (27) |
| TOTAL | 324      | 60 FB + 228 OB + 36 OP             |

Para completar o programa será necesario superar un total de 324 créditos.

### 2.2. Centro que o propón

A Facultade de Filoloxía será a responsable da tramitación e custodia de toda a documentación académica relacionada co Programa de Simultaneidade, así como dos expedientes do alumnado. O estudantado aboará neste centro os prezos públicos e as taxas por servizos académicos correspondentes aos títulos de *Grao en español: estudos lingüísticos e literarios* e de *Grao en inglés: estudos lingüísticos e literarios*.

Todas as materias deste Programa de Simultaneidade impartiranse na Facultade de Filoloxía da UDC.

### 2.3. Número de prazas de novo ingreso ofertadas

O número de prazas dispoñibles para o novo estudantado no Programa de Simultaneidade determinarase cada curso académico, segundo o que aprobe o Consello de Goberno, por proposta da Facultade de Filoloxía e de conformidade coa normativa vixente.

### 2.4. Xustificación do Programa

#### *Interese académico, científico e profesional do itinerario*

O Programa de simultaneidade do Grao en Inglés e do Grao en Español ofrece a formación que precisan os profesionais da lingua, das literaturas e da cultura nos ámbitos anglófono e hispánico.

Proporciona un dominio profesional do inglés e do español e unha ampla perspectiva das literaturas nestas linguas e das correntes lingüísticas e da ciencia literaria. Estúdanse as diferentes ramas do saber filolóxico (gramática, pragmática, sociolingüística, historia da lingua, movementos e xéneros literarios, autoras e autores das literaturas española e inglesa etc.) combinando os dous espazos culturais. Desta forma, o alumnado fica moi preparado para desenvolver con suceso as responsabilidades da súa actividade laboral. Ademais, permite a adquisición do coñecemento práctico doutras linguas (francés, italiano, portugués ou alemán), o que redonda positivamente nas destrezas profesionais do estudantado.

A oferta de simultaneidade de español e inglés ten un carácter singular no marco do sistema universitario galego, pois é o único programa que permite cursar en paralelo estes dous títulos. Para iso combina os necesarios coñecementos lingüísticos, literarios e culturais co manexo de ferramentas derivadas das novas tecnoloxías. Igualmente, ofrece a posibilidade de completar a formación en prestixiosas universidades estranxeiras coas que existen convenios.

O estudantado, cando concluír o programa, está nunhas condicións óptimas para aplicar as experiencias e coñecementos adquiridos ao mundo laboral ou á continuación de estudos superiores.

#### *Saídas profesionais*

Ao finalizar os seus estudos, o alumnado disporá dunha moi alta especialización no ámbito lingüístico e literario anglófono e español. Por iso, conectará cun contexto profesional tamén especializado en que o ensino no ámbito público e privado (academias, colexios, facultades, institutos, lectorados en universidades estranxeiras etc.), o asesoramento lingüístico e sociocultural, a tradución ou a dinamización cultural se perfilan como os principais itinerarios laborais.

Entre os principais perfís laborais, ademais dos anteriores, salientanse os seguintes: mediación lingüística, aplicación á empresa das tecnoloxías da información e a comunicación; actividade editorial e cultural; asesoramento cultural e lingüístico no mundo empresarial; crítica literaria; medios de comunicación; xestión cultural; promoción literaria; publicidade; librarías especializadas etc.

### *Referentes externos*

Este programa foi elaborado para facer posible que un/unha estudante poida desenvolver simultaneamente os estudos do Grao en Inglés e os do Grao en Español, que substituíran, respectivamente, as anteriores Licenciatura en Filoloxía Inglesa e Licenciatura en Filoloxía Hispánica. Para a implantación dos graos tívose tamén presente a oferta de títulos de diferentes universidades europeas, onde é moi frecuente que se estuden polo menos dúas linguas de maneira conxunta (en Francia, Italia, Portugal...) e as súas literaturas respectivas, ben como materias de lingüística, teoría literaria e tradución.

A elaboración deste programa foi feita ao abeiro da “Normativa específica para o Programa de Simultaneidade do Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios”, que foi aprobada polo Consello de Goberno da UDC na súa sesión de data 23 de marzo de 2015. O anteproxecto foi exposto publicamente, debatido e finalmente aprobado pola Xunta de Facultade de 24 de febreiro de 2015.

### *Suficiencia de recursos humanos e materiais*

O programa desenvólvese no mesmo centro universitario e co mesmo persoal docente e de administración que se encarga da impartición e xestión dos dous títulos individuais que integra. No itinerario de estudos non figuran materias diferentes ás propias de cada un dos títulos singulares, nin está prevista a constitución de grupos de docencia específicos para o estudantado do programa, de maneira que tanto os recursos humanos como os materiais son suficientes e adecuados para o correcto desenvolvemento daquel.

## Obxectivos

|                         |      |                                                                                                                                                                                                                                                                       |
|-------------------------|------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Obxectivos xerais       | OX1  | Proporcionar ao graduado/a unha formación xeral avanzada nos estudos lingüísticos e literarios (do español e do inglés) para preparalo para o acceso a diferentes postos de profesional cualificado/a e para a continuación de estudos posteriores de nivel superior. |
|                         | OX2  | Desenvolver no estudantado habilidades comunicativas, capacidade de análise e síntese e o exercicio do pensamento crítico.                                                                                                                                            |
|                         | OX3  | Dotar o/a graduado/a dunha competencia plurilingüe avanzada (inglés, galego e español).                                                                                                                                                                               |
|                         | OX4  | Formar o/a estudante na aplicación e na aplicabilidade dos coñecementos adquiridos.                                                                                                                                                                                   |
|                         | OX5  | Transmitir ao estudantado a importancia dos estudos lingüísticos e literarios para o avance socioeconómico e cultural da sociedade.                                                                                                                                   |
|                         | OX6  | Formar o estudantado no respecto aos dereitos fundamentais e nos valores dunha cultura democrática.                                                                                                                                                                   |
| Obxectivos transversais | OT1  | Saber utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de procura de información.                                                                                                                                                              |
|                         | OT2  | Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.                                                                                                                                                                                                |
|                         | OT3  | Adquirir capacidade de autoformación.                                                                                                                                                                                                                                 |
|                         | OT4  | Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorna.                                                                                                                                                                                                    |
|                         | OT5  | Relacionar os coñecementos cos de outras áreas e disciplinas.                                                                                                                                                                                                         |
|                         | OT6  | Ter capacidade de organizar o traballo , planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.                                                                                                                                                       |
|                         | OT7  | Ter capacidade de análise e de síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.                                                                                                                                                      |
|                         | OT8  | Apreciar a diversidade.                                                                                                                                                                                                                                               |
|                         | OT9  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico para o avance socioeconómico e cultural da sociedade.                                                                                                                     |
|                         | OT10 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/a e/ou profesional.                                                                                                                                                                                      |
| Obxectivos específicos  | OE1  | Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.                                                                                                                                                                                        |
|                         | OE2  | Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.                                                                                                                                    |
|                         | OE3  | Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.                                                                                                                                                                                                  |
|                         | OE4  | Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.                                                                                                                                                                                                 |
|                         | OE5  | Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.                                                                                                                                                                                               |
|                         | OE6  | Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.                                                                                                                                                                                                |
|                         | OE7  | Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.                                                                                                                                                                                                          |
|                         | OE8  | Ter un dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira.                                                                                                                                                                                          |
|                         | OE9  | Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.                                                                                                                                                                              |
|                         | OE10 | Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo un texto e para formular propostas alternativas e correccións.                                                                                                                                                      |
|                         | OE11 | Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.                                                                                                                                                                            |
|                         | OE12 | Coñecer os principios teóricos básicos da tradución directa e inversa e ser capaz de poñelos en práctica.                                                                                                                                                             |
|                         | OE13 | Coñecer a lingua, a literatura e a cultura latina.                                                                                                                                                                                                                    |

|  |      |                                                                                                                                                                       |
|--|------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  | OE14 | Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos. |
|  | OE15 | Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.                                                                                            |
|  | OE16 | Coñecer a crítica textual e a edición de textos.                                                                                                                      |
|  | OE17 | Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía.                                                                                                                          |
|  | OE18 | Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua española.                                                                                                       |
|  | OE19 | Coñecer a historia e a cultura das comunidades hispanofalantes.                                                                                                       |
|  | OE20 | Dominar a gramática da lingua española.                                                                                                                               |
|  | OE21 | Coñecer a situación sociolingüística da lingua española.                                                                                                              |
|  | OE22 | Coñecer a variación lingüística da lingua española.                                                                                                                   |
|  | OE23 | Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua española.                                                                                                   |
|  | OE24 | Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua inglesa.                                                                                                        |
|  | OE25 | Coñecer a historia e a cultura das comunidades anglófonas.                                                                                                            |
|  | OE26 | Dominar a gramática da lingua inglesa.                                                                                                                                |
|  | OE27 | Coñecer a situación sociolingüística da lingua inglesa.                                                                                                               |
|  | OE28 | Coñecer a variación lingüística da lingua inglesa.                                                                                                                    |
|  | OE29 | Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua inglesa.                                                                                                    |

## 2.5. Itinerario curricular específico organizado por cursos e cuatrimestres

| <b>1º CURSO</b> |                                    |          |          |                 |                                              |          |          |
|-----------------|------------------------------------|----------|----------|-----------------|----------------------------------------------|----------|----------|
| 1º cuatrimestre |                                    |          |          | 2º cuatrimestre |                                              |          |          |
| Código          | Materia                            | Créditos | Carácter | Código          | Materia                                      | Créditos | Carácter |
| 202170          | Lingua Española 1                  | 6        | FB       | 202175          | Lingua e Cultura Clásica                     | 6        | FB       |
| 202171          | Lingua Galega 1                    | 6        | FB       | 200103          | Tecnoloxías da Información e da Comunicación | 6        | FB       |
| 202172          | Lingua Inglesa 1                   | 6        | FB       | 200104          | Lingua Inglesa 2                             | 6        | FB       |
| 202173          | Lingüística Xeral                  | 6        | FB       | 200105          | Historia                                     | 6        | FB       |
| 202174          | Introdución aos Estudos Literarios | 6        | FB       | 200106          | Literatura Inglesa 1                         | 6        | FB       |
| Total créditos  |                                    | 30       |          | Total créditos: |                                              | 30       |          |

| 2º CURSO        |                           |                     |          |                 |                       |          |          |
|-----------------|---------------------------|---------------------|----------|-----------------|-----------------------|----------|----------|
| Anual           |                           |                     |          |                 |                       |          |          |
| Código          |                           | Materia             |          | Créditos        |                       | Carácter |          |
| 200107          |                           | Literatura Española |          | 9               |                       | OB       |          |
| 200108          |                           | Literatura Galega   |          | 9               |                       | OB       |          |
| 1º cuadrimestre |                           |                     |          | 2º cuadrimestre |                       |          |          |
| Código          | Materia                   | Créditos            | Carácter | Código          | Materia               | Créditos | Carácter |
| 200109          | Lingua española 2         | 6                   | OB       | 200113          | Literatura Inglesa 2  | 6        | OB       |
| 200110          | Lingua Galega 2           | 6                   | OB       | 200114          | Técnicas de tradución | 6        | OB       |
| 200111          | Lingua Inglesa 3          | 6                   | OB       | 200115          | Lingua Inglesa 4      | 6        | OB       |
| Elixir 1        |                           |                     |          |                 |                       |          |          |
| 200112          | Idioma moderno: Francés   | 6                   | OB       |                 |                       |          |          |
| 202228          | Idioma moderno: Italiano  |                     |          |                 |                       |          |          |
| 202229          | Idioma moderno: Portugués |                     |          |                 |                       |          |          |
| 202231          | Idioma moderno: Alemán    |                     |          |                 |                       |          |          |
| Total créditos: |                           | 33                  |          | Total créditos: |                       | 27       |          |

| <b>3º CURSO</b>                    |                                         |          |          |                 |                                         |          |          |
|------------------------------------|-----------------------------------------|----------|----------|-----------------|-----------------------------------------|----------|----------|
| <b>Materias do grao en español</b> |                                         |          |          |                 |                                         |          |          |
| 1º cuadrimestre                    |                                         |          |          | 2º cuadrimestre |                                         |          |          |
| Código                             | Materia                                 | Créditos | Carácter | Código          | Materia                                 | Créditos | Carácter |
| 200117                             | Morfoloxía do español                   | 6        | OB       | 200120          | Sintaxe do español                      | 6        | OB       |
| 200118                             | Literatura española medieval            | 6        | OB       | 200121          | Historia do español                     | 6        | OB       |
| 200119                             | Literatura española do Século de Ouro 1 | 6        | OB       | 200122          | Literatura española do Século de Ouro 2 | 6        | OB       |
| <b>Materias do grao en inglés</b>  |                                         |          |          |                 |                                         |          |          |
| 1º cuadrimestre                    |                                         |          |          | 2º cuadrimestre |                                         |          |          |
| Código                             | Materia                                 | Créditos | Carácter | Código          | Materia                                 | Créditos | Carácter |
| 202261                             | Lingua inglesa e os seus usos 1         | 6        | OB       | 202265          | Literatura norteamericana 1             | 6        | OB       |
| 202262                             | Literatura inglesa (séculos XVI e XVII) | 6        | OB       | 202266          | Gramática inglesa                       | 6        | OB       |
| 202264                             | Fonética da lingua inglesa              | 6        | OB       | 202267          | Literatura poscolonial                  | 6        | OB       |
| Total créditos:                    |                                         | 36       | OB       | Total créditos: |                                         | 36       |          |

| <b>4º CURSO</b>                                                 |                                                   |          |          |                 |                                          |          |          |
|-----------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------|----------|----------|-----------------|------------------------------------------|----------|----------|
| <b>Materias do grao en español</b>                              |                                                   |          |          |                 |                                          |          |          |
| 1º cuatrimestre                                                 |                                                   |          |          | 2º cuatrimestre |                                          |          |          |
| Código                                                          | Materia                                           | Créditos | Carácter | Código          | Materia                                  | Créditos | Carácter |
| 201116                                                          | Fonética e Fonoloxía do español                   | 6        | OB       | 202217          | Gramática do texto                       | 6        | OB       |
| 200132                                                          | Literatura española dos séculos XVIII e XIX       | 6        | OB       | 202218          | Literatura española dos séculos XX e XXI | 6        | OB       |
| 202216                                                          | Literatura hispanoamericana                       | 6        | OB       |                 |                                          |          |          |
| <b>Materias do grao en inglés</b>                               |                                                   |          |          |                 |                                          |          |          |
| 1º cuatrimestre                                                 |                                                   |          |          | 2º cuatrimestre |                                          |          |          |
| Código                                                          | Materia                                           | Créditos | Carácter | Código          | Materia                                  | Créditos | Carácter |
| 202263                                                          | Cultura e civilización dos países de fala inglesa | 6        | OB       | 200166          | Estudos de lingua inglesa                | 6        | OB       |
| 200163                                                          | Literatura inglesa (séculos XVIII e XIX)          | 6        | OB       | 200167          | Literatura inglesa (séculos XX e XXI)    | 6        | OB       |
| 200164                                                          | Lingua inglesa e os seus usos 2                   | 6        | OB       |                 |                                          |          |          |
| Elixir dúas materias optativas das ofertadas no 2º cuatrimestre |                                                   |          |          |                 |                                          | 9        | OP       |
| Total créditos:                                                 |                                                   | 36       |          | Total créditos: |                                          | 33       |          |

| <b>5º CURSO</b>                                                 |                                                                |          |          |                                                                  |                                |          |          |
|-----------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------|----------|----------|------------------------------------------------------------------|--------------------------------|----------|----------|
| <b>Materias do grao en español</b>                              |                                                                |          |          |                                                                  |                                |          |          |
| 1º cuadrimestre                                                 |                                                                |          |          | 2º cuadrimestre                                                  |                                |          |          |
| Código                                                          | Materia                                                        | Créditos | Carácter | Código                                                           | Materia                        | Créditos | Carácter |
| 200131                                                          | Lexicoloxía e Semántica do español                             | 6        | OB       | 202219                                                           | Traballo Fin de Grao (Español) | 6        | OB       |
| 202215                                                          | Introdución á investigación sobre lingua e literatura española | 6        | OB       |                                                                  |                                |          |          |
| <b>Materias do grao en inglés</b>                               |                                                                |          |          |                                                                  |                                |          |          |
| 1º cuadrimestre                                                 |                                                                |          |          | 2º cuadrimestre                                                  |                                |          |          |
| Código                                                          | Materia                                                        | Créditos | Carácter | Código                                                           | Materia                        | Créditos | Carácter |
| 200162                                                          | Literatura norteamericana 2                                    | 6        | OB       | 200168                                                           | Traballo fin de grao (Inglés)  | 6        | OB       |
| 200165                                                          | Historia da lingua inglesa                                     | 6        | OB       |                                                                  |                                |          |          |
| Elixir dúas materias optativas das ofertadas no 1º cuadrimestre |                                                                | 9        | OP       | Elixir catro materias optativas das ofertadas no 2º cuadrimestre |                                | 18       | OP       |
| Total créditos                                                  |                                                                | 33       |          |                                                                  |                                | 30       |          |

### Materias optativas ofertadas

#### Do grao en español

| 1º cuatrimestre |                                                               | 2º cuatrimestre |                                                             |
|-----------------|---------------------------------------------------------------|-----------------|-------------------------------------------------------------|
| 200123          | Lecturas de literatura española. Prosa (3º curso, Español)    | 200127          | Lecturas de literatura española. Teatro (3º curso, Español) |
| 200124          | Español actual (3º curso, Español)                            | 200128          | Variedades de español (3º curso, Español)                   |
| 202220          | Técnicas de investigación literaria (4º curso, Español)       | 202224          | Lecturas de literatura española. Poesía (4º curso, Español) |
| 202221          | Cuestiones de historia da lingua española (4º curso, Español) | 202225          | Análise lingüística de textos españois (4º curso, Español)  |
|                 |                                                               | 200175          | Español como L2 (4º curso, Español)                         |

#### Do grao en inglés

| 1º cuatrimestre |                                                          | 2º cuatrimestre |                                                              |
|-----------------|----------------------------------------------------------|-----------------|--------------------------------------------------------------|
| 202268          | Técnicas de redacción e argumentación (3º curso, Inglés) | 202272          | Cuestiones de lingua inglesa (3º curso, Inglés)              |
| 202269          | Inglés científico-técnico (3º curso, Inglés)             | 200159          | A literatura inglesa e a súa crítica (3º curso, Inglés)      |
| 200169          | Variedades do inglés (4º curso, Inglés)                  | 200173          | Literatura irlandesa (4º curso, Inglés)                      |
| 200170          | Literatura inglesa e xénero (4º curso, Inglés)           | 200174          | Literatura norteamericana nos seus textos (4º curso, Inglés) |

Deberán cursar en total:

- dúas materias de 3º do Grao en Español
- dúas materias de 3º do Grao en Inglés
- dúas materias de 4º do Grao en Español
- dúas materias de 4º do Grao en Inglés

### Outras materias optativas que se poden cursar como formación adicional

| 1º cuatrimestre |                                                           | 2º cuatrimestre |                                   |
|-----------------|-----------------------------------------------------------|-----------------|-----------------------------------|
| 202271          | Filosofía e literatura                                    | 200161          | Linguaxe, discurso e comunicación |
| 202270          | Idioma moderno 2: Francés                                 | 200160          | Idioma moderno 3: Francés         |
| 200177          | Idioma moderno 2: Italiano                                | 200180          | Idioma moderno 3: Italiano        |
| 200178          | Idioma moderno 2: Portugués                               | 200181          | Idioma moderno 3: Portugués       |
| 200179          | Idioma moderno 2: Alemán                                  | 200182          | Idioma moderno 3: Alemán          |
| 200126          | Linguas do mundo                                          | 200130          | Estruturas e variedades do latín  |
| 200142          | Historia e cultura de Galicia                             | 200146          | Cultura latina medieval           |
| 200171          | Literatura e artes visuais                                | 200147          | As linguas románicas              |
| 200172          | Lingua galega e usos                                      | 200176:         | Idioma moderno 4: Francés         |
| 202222          | Contactos lingüísticos e literarios na tradición románica | 200183          | Idioma moderno 4: Italiano        |
| 202223          | Literatura latina                                         | 200184          | Idioma moderno 4: Portugués       |
| 200157          | Literatura comparada                                      | 202226          | Lingua e sociedade                |
| 200158          | Linguas e tecnoloxías                                     | 202227          | Literatura e cultura              |
|                 |                                                           | 202259          | Literaturas románicas             |
|                 |                                                           | 200129          | Literatura galega contemporánea   |

A oferta de materias de formación adicional actualizarase cada curso na páxina web do centro.

## 2.6. Traballo de Fin de Grao (TFG) e Prácticas Externas

Todo o relativo ao procedemento de inscrición, elaboración e defensa do TFG está recollido no regulamento dos traballos de fin de grao das titulacións impartidas na Facultade de Filoloxía da UDC, aprobado en Xunta de Facultade e polo Consello de Goberno da UDC.

O TFG de cada un dos títulos do programa inscribírase consonte a unha das liñas de traballo programadas para cada titulación, e será titorizado por un dos docentes que ofertasen esa liña; será tamén defendido e avaliado de forma independente, sen que se contemple a posibilidade dunha defensa ou avaliación conxunta. Porén, permitirase que ambos traballos poidan constituír un corpus multidisciplinar e que poidan ser codirixidos por profesorado de ambos graos.

O estudantado non terá que ter superados todos os créditos correspondentes ao Programa de Simultaneidade para defender os traballos. Poderá defender o TFG de cada grao en canto acade os créditos necesarios para completar esa titulación particular (incluíndo os 18 créditos de materias optativas específicas da outra titulación).

O estudantado poderá participar na convocatoria anual de prácticas extracurriculares para as titulacións de grao organizada polo Centro. O máximo de créditos ao que poderán optar por este concepto será o establecido pola normativa aplicable no momento, e aqueles figurarán no seu expediente como créditos de formación adicional, sen efecto no cálculo da media académica.

## 2.7. Coñecementos e competencias esenciais para alcanzar

### *Competencias xenéricas*

Entre as habilidades xenéricas que adquire o estudantado cómpre sinalar a capacidade de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica, a competencia para analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando as modernas técnicas de análise textual, a habilidade para aplicar as novas tecnoloxías ao estudo do fenómeno lingüístico e literario, a capacidade para apreciar os valores artísticos, culturais e estéticos nos textos literarios, e a habilidade para pór en relación a lingua, a literatura, a historia e a cultura.

### *Competencias específicas*

Cando finalizar o Programa de Simultaneidade, o alumnado fica totalmente cualificado nas seguintes competencias:

- Coñecer e aplicar os métodos e técnicas de análise lingüística e literaria no marco dos estudos hispánicos e anglófonos.
- Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria anglófona e hispánica.

- Dominar a gramática das linguas inglesa e española.
- Ter un coñecemento avanzado das literaturas anglófonas e de expresión española.
- Ter capacidade para analizar, avaliar e sintetizar criticamente información lingüística e literaria dos ámbitos inglés e español.
- Coñecer a variación lingüística nos dominios anglófono e español.
- Coñecer a historia interna e externa das linguas inglesa e española.
- Coñecer as tipoloxías textuais e formular propostas de corrección lingüística e/ou textual para o inglés e o español.

O programa, en suma, permite adquirir os coñecementos e competencias programados nas memorias dos respectivos graos individuais, pois, ademais de incluír todas as materias de formación básica impartidas en primeiro curso, incorpora tamén as materias obrigatorias de 2º curso, comúns a todos os títulos de grao, e a totalidade das materias obrigatorias cursadas en cada un dos graos individuais en terceiro e cuarto curso, distribuídas no programa de simultaneidade entre terceiro, cuarto e quinto cursos. Ademais, permite escoller até 36 créditos optativos, 9 en cuarto curso e 27 en quinto, todos eles correspondentes a materias optativas específicas de cada un dos graos. A oferta destas materias específicas ten un alto grao de coherencia, pois aborda —para cada un dos graos— cuestións metodolóxicas propias dos estudos filolóxicos en xeral, ou ben aproximacións de carácter práctico ou complementar a determinados campos dos estudos lingüísticos e literarios dos dominios anglófono e hispánico. Ademais, permite que o estudantado especialice o seu currículo, ben no ámbito dos estudos lingüísticos, ben no dos estudos literarios.

## 2.8. Táboa de recoñecementos mutuos entre as dúas titulacións

Con carácter xeral, as materias de formación básica de 1º curso e as obrigatorias de 2º curso, son comúns aos dous graos.

As materias obrigatorias cursadas en terceiro, cuarto e quinto cursos son as mesmas que figuran como obrigatorias nos programas de cada un dos títulos singulares para os cursos de terceiro e cuarto, mais con distinto cronograma.

No momento de superar o programa de simultaneidade e solicitar a expedición dos dous títulos correspondentes, os créditos correspondentes ás materias optativas específicas cursadas da titulación b) figurarán no expediente da titulación a) como créditos recoñecidos sen cualificación, e non afectarán o cómputo da media académica.

As cualificacións das materias optativas de formación adicional figurarán no expediente do/a estudante, sen teren efecto para completar a simultaneidade nin para o cálculo da media académica.

| Grao en Español |          |                                          |       |          | PROGRAMA ACADÉMICO DE SIMULTANEIDADE |            |
|-----------------|----------|------------------------------------------|-------|----------|--------------------------------------|------------|
| Código          | Créditos | Materia                                  | Curso | Carácter | Código                               | Materia    |
| 200123          | 4,5      | Lecturas de literatura española. Prosa   | 3º    | OP       |                                      | recoñecida |
| 200124          | 4,5      | Español actual                           | 3º    | OP       |                                      | recoñecida |
| 202220          | 4,5      | Técnicas de investigación literaria      | 4º    | OP       |                                      | recoñecida |
| 202221          | 4,5      | Cuestións de historia da lingua española | 4º    | OP       |                                      | recoñecida |
| 200127          | 4,5      | Lecturas de literatura española. Teatro  | 3º    | OP       |                                      | recoñecida |
| 200128          | 4,5      | Variedades de español                    | 3º    | OP       |                                      | recoñecida |
| 202224          | 4,5      | Lecturas de literatura española. Poesía  | 4º    | OP       |                                      | recoñecida |
| 202225          | 4,5      | Análise lingüística de textos españois   | 4º    | OP       |                                      | recoñecida |
| 200175          | 4,5      | Español como L2                          | 4º    | OP       |                                      | recoñecida |

| Grao en Inglés |          |                                           |       |          | PROGRAMA ACADÉMICO DE SIMULTANEIDADE |            |
|----------------|----------|-------------------------------------------|-------|----------|--------------------------------------|------------|
| Código         | Créditos | Materia                                   | Curso | Carácter | Código                               | Materia    |
| 202268         | 4,5      | Técnicas de redacción e argumentación     | 3º    | OP       |                                      | recoñecida |
| 202269         | 4,5      | Inglés científico-técnico                 | 3º    | OP       |                                      | recoñecida |
| 200169         | 4,5      | Variedades do inglés                      | 4º    | OP       |                                      | recoñecida |
| 200170         | 4,5      | Literatura inglesa e xénero               | 4º    | OP       |                                      | recoñecida |
| 202272         | 4,5      | Cuestións de lingua inglesa               | 3º    | OP       |                                      | recoñecida |
| 200159         | 4,5      | A literatura inglesa e a súa crítica      | 3º    | OP       |                                      | recoñecida |
| 200173         | 4,5      | Literatura irlandesa                      | 4º    | OP       |                                      | recoñecida |
| 200174         | 4,5      | Literatura norteamericana nos seus textos | 4º    | OP       |                                      | recoñecida |

## 2.9. Mecanismos de coordinación docente

Para cada titulación en particular, sexa de grao ou de mestrado, hai un/unha coordinador/a de título, encargado/a de harmonizar os contidos e sistemas de avaliación das materias de cada unha das áreas con docencia na Facultade, así como de supervisar as guías docentes. Os/as coordinadores/as de titulación son membros natos tanto da Comisión de Organización Académica como da Comisión de Estratexia e Calidade. Ademais, convocan de xeito periódico sesións de coordinación entre o profesorado a diferentes niveis: de curso, de título etc.

Segundo o Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Filoloxía [RRI], a Comisión de Organización Académica [COA], comisión delegada da Xunta de Facultade, é o organismo encargado de coordinar o labor docente do Centro e, por extensión, o específico do programa de simultaneidade. A súa composición é a establecida no Regulamento de Réxime Interno do Centro. Son funcións da COA:

- a) Emitir informe vinculante ao decano nos recoñecementos e transferencias segundo se prevé na Normativa de recoñecemento e transferencia de créditos para titulacións adaptadas ao espazo europeo de educación superior.
- b) Informar sobre aquelas cuestións que lle propuxeren os órganos competentes.
- c) Informar sobre o recoñecemento como crédito de cursos, de seminarios, de xornadas e de congresos.
- d) Analizar as situacións irregulares que se produciren na vida académica da Facultade, tras a audiencia das partes implicadas.
- e) Organizar, supervisar e informar sobre as actividades docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito de competencia, ben como coordinar e supervisar o desenvolvemento dos contidos mínimos das materias que neles impartan os departamentos, de acordo cos planos de estudo e cos obxectivos establecidos para cada titulación.
- f) Calquera outra función de tipo académico que lle asignaren os órganos competentes.

Por outra parte, a Comisión de Estratexia e Calidade, cuxa composición é a establecida no Regulamento de Réxime Interno do Centro, ten competencia en:

- a) Realizar o seguimento dos planos de mellora das titulacións que se imparten no centro e elaborar unha memoria anual sobre o grao de execución e de satisfacción dos planos de mellora.
- b) Coordinar e promover accións correctoras que estiveren destinadas a mellorar a calidade da docencia.
- c) A elaboración e o seguimento, se proceder, de calquera informe de avaliación da calidade que se solicitar ao centro.
- d) Colaborar na elaboración e na actualización dos planos estratéxicos que corresponden á Facultade no ámbito do plano estratéxico da UDC.
- e) Promover relacións cos axentes sociais e económicos que redundaren na mellora das titulacións e na inserción laboral de egresados.
- f) Todas aquelas recollidas nos procedementos do SGIC.
- g) Calquera outra función que, relacionada coa calidade, lle asignar a Xunta de Facultade.

Outras figuras con funcións de coordinación son os/as coordinadores/as de sección departamental (ou área de coñecemento), o/a coordinador/a do Plan de acción tutorial e o/a coordinador/a do Programa de atención á diversidade.

### **3. Normativa específica para o Programa de Simultaneidade do *Grao en Español: estudos lingüísticos e literarios*, e o *Grao en Inglés: estudos lingüísticos e literarios* pola Universidade da Coruña**

#### **PREÁMBULO**

Esta normativa aplícase ao Programa de Simultaneidade dos estudos de *Grao en español: estudos lingüísticos e literarios* e *Grao en galego e inglés: estudos lingüísticos e literarios*. A súa xustificación, obxectivos e organización aparecen detallados na memoria do mesmo.

#### **Artigo 1. Organización xeral do programa**

Este Programa de Simultaneidade organízase cunha distribución temporal das diferentes disciplinas que se van cursar baseada nos plans de estudos oficiais de ambos graos, e tendo en conta o disposto na memoria do programa e o regulado nos artigos seguintes.

#### **Artigo 2. Titulacións que se obterán**

O estudantado que supere este Programa de Simultaneidade obterá os dous títulos de *Grao en español: estudos lingüísticos e literarios* pola UDC e *Grao en inglés: estudos lingüísticos e literarios* pola UDC.

#### **Artigo 3. Duración do programa**

Terá unha duración de cinco cursos académicos, dez cuatrimestres repartidos conxuntamente a estrutura que figura no anexo I. O número de créditos necesario para superar o programa será de 324 créditos.

#### **Artigo 4. Centro responsable da xestión administrativa do Programa de Simultaneidade**

A Facultade de Filoloxía será responsable da tramitación e custodia de toda a documentación académica relacionada co Programa de Simultaneidade e dos expedientes do alumnado. O estudantado do programa aboará neste centro os prezos públicos e taxas por servizos académicos que correspondan aos títulos *Grao en español: estudos lingüísticos e literarios* e *Grao en inglés: estudos lingüísticos e literarios* (de agora en diante, Grao en Español e Grao en Inglés respectivamente).

#### **Artigo 5. Centro de impartición do ensino**

A impartición de todas as disciplinas deste programa de simultaneidade realizarase na Facultade de Filoloxía da UDC.

#### **Artigo 6. Número de estudantes**

O número de estudantes de acceso ao Programa de Simultaneidade será, en cada curso académico, o que oportunamente aprobe o Consello de Goberno, a proposta da Facultade de Filoloxía e de conformidade coa normativa vixente.

## Artigo 7. Acceso e admisión de estudantes

1. Só poderá acceder ao Programa de Simultaneidade aquel estudantado que reúna os requisitos legais de acceso para ambos os graos.
2. A solicitude de admisión para cursar este Programa de Simultaneidade realizarase polo mesmo procedemento que para o resto de titulacións ofertadas pola UDC.
3. Aquel estudantado que estea a cursar o 2º curso do *Grao en inglés: estudos lingüísticos e literarios*, do *Grao en galego e portugués: estudos lingüísticos e literarios* ou do *Grao en español: estudos lingüísticos e literarios*, e que desexase cursar o Programa de Simultaneidade no curso académico seguinte, poderá acceder ao mesmo co recoñecemento das materias de 1º e 2º curso. Este recoñecemento terá carácter gratuíto (véxase o anexo III).

A Facultade de Filoloxía propondrá, para a súa aprobación polo Consello de Goberno, o número máximo de estudantes que poderá acceder por esta vía ao Programa de Simultaneidade no curso académico seguinte.

A admisión deste alumnado realizarase de acordo cos seguintes criterios:

- a) A nota de acceso á Universidade, que deberá ser igual ou superior á nota que se esixiu para a admisión no Programa de Simultaneidade no curso académico anterior, excepto que o número de solicitudes sexa inferior á oferta anual aprobada pola UDC.
  - b) No caso de empate terase en conta a nota media do expediente correspondente aos dous primeiros cursos rematados ou en proceso, tendo prioridade os que teñan 120 créditos superados.
4. Non se contempla o ingreso no Programa de Simultaneidade do alumnado que está a realizar cursos superiores a 2º curso dos graos.

## Artigo 8. Criterios de matrícula

1. O estudantado de 1º curso que curse estes estudos por primeira vez poderá optar por matricularse no réxime de dedicación a tempo completo —é dicir, da totalidade dos créditos correspondentes ao 1º curso—, ou ben a tempo parcial ou réxime de matrícula adaptada, segundo o que establece a normativa que regula o réxime de dedicación ao estudo do estudantado de grao na UDC.
2. O estudantado de continuación de estudos deberá efectuar a súa matrícula en réxime de dedicación a tempo completo ou en réxime de dedicación a tempo parcial ou réxime de matrícula adaptada, respectando o número de créditos establecido con carácter xeral para todo o alumnado da UDC, segundo o que establece a normativa que regula o réxime de dedicación ao estudo do estudantado de grao na UDC.
3. De acordo coa norma de progresión nos programas académicos aprobada na UDC, o estudantado deberá matricularse de todos os créditos de formación básica e obrigatoria non superados de cursos anteriores.
4. O alumnado de continuación de estudos matriculado en réxime de dedicación a tempo parcial deberá efectuar a súa matrícula respectando o número de créditos es-

tablecido con carácter xeral para todo o estudantado da UDC na normativa de xestión académica (NXA) vixente para cada curso académico.

5. O estudantado poderá desistir da súa matrícula de acordo co que dispuxer a NXA que rexa en cada curso académico.

#### **Artigo 9. Permanencia e progresión: número de créditos que se deben superar**

1. O estudantado de 1º curso matriculado neste por primeira vez deberá superar nese curso académico o número mínimo de créditos establecido na normativa que regula a permanencia e a progresión do estudantado de grao na UDC.

2. O estudantado de continuación de estudos deberá cumprir os requisitos de permanencia e progresión establecidos na citada norma.

3. Os/as estudantes que teñan superado todas as materias dun dos títulos do programa, manteranse neste programa para completar a outra titulación, atendendo sempre a normativa sobre permanencia vixente no momento.

#### **Artigo 10. Avaliación e número de convocatorias**

1. A formalización da matrícula dará dereito en cada curso académico a unha convocatoria con dúas oportunidades de avaliación, que se realizarán conforme ao calendario académico aprobado, ou á norma que corresponda.

2. A avaliación realizarase segundo o establecido nas correspondentes guías docentes, e as convocatorias de exame serán aprobadas e feitas públicas polo centro xunto coas de cada un dos graos.

#### **Artigo 11. Incumprimento das normas de permanencia**

1. Aquel estudantado matriculado no Programa de Simultaneidade que non cumpra as condicións e requisitos de permanencia que establece esta norma deberá abandonar os estudos, de conformidade co disposto na normativa que regula a permanencia e a progresión do estudantado de grao na UDC.

2. As situacións de carácter excepcional suficientemente acreditadas que dean lugar a solicitudes presentadas polo estudantado do Programa serán atendidas pola persoa titular do decanato da facultade, quen resolverá por desconcentración da reitora ou do reitor da UDC, logo do informe da Comisión de Organización Académica (COA).

Contra a resolución do decano ou decana, o estudantado poderá presentar un recurso de alzada perante a reitora ou o reitor na forma e prazos previstos na lexislación vixente, sen prexuízo de poder interpoñer calquera outro recurso que considere.

#### **Artigo 12. Abandono do Programa de Simultaneidade**

1. As persoas que decidan abandonar o Programa de Simultaneidade deberán notificalo á Administración da Facultade de Filoloxía antes do inicio do período ordinario de matrícula, indicando en cal dos graos individuais desexa manter o expediente aberto (véxase o anexo IV).

2. O estudantado, de ser o caso, poderá:

a) Optar, no prazo indicado, por calquera das dúas titulacións do Programa, sempre que teña aprobados polo menos doce créditos da titulación que vaia cursar se a matrícula se efectuou no réxime de dedicación a tempo completo, ou seis créditos de efectuarse no réxime de dedicación a tempo parcial.

De non cumprir este requisito, poderá admitirse a matrícula atendendo a normativa vixente que regula a progresión e a permanencia do estudantado de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña.

O estudantado terá dereito ao recoñecemento de créditos que proceda, na titulación pola que opte, por aqueles outros superados na titulación que abandone.

b) Optar, no prazo que corresponder, por solicitar praza para iniciar estudos noutra titulación distinta, seguindo as normas e os procedementos de carácter xeral.

O estudantado terá dereito ao recoñecemento que proceda, na titulación en que se matricule, por aqueles outros créditos superados no Programa de Simultaneidade.

### **Artigo 13. Recoñecementos específicos para estudantes deste Programa de Simultaneidade**

1. Ao estudantado que superar o Programa de Simultaneidade recoñeceránselle os créditos das materias optativas específicas de cada unha das titulacións do programa.

2. Os recoñecementos faranse efectivos de xeito automático logo de superar o total de créditos previstos no Plan de Simultaneidade, agás os traballos de fin de grao.

### **Artigo 14. Traballos de fin de grao**

De acordo coas memorias verificadas do *Grao en español: estudos lingüísticos e Literarios* e do *Grao en inglés: estudos lingüísticos e literarios*, na fase final do plan de estudos, e de acordo coa normativa da UDC, realizáranse dous traballos de fin de grao (TFG), que poderán facerse simultaneamente

O TFG de cada un dos títulos do programa inscribírase consonte a unha das liñas de traballo programadas para cada titulación, e será titorizado por un/unha dos docentes que ofertasen esa liña; será tamén defendido e avaliado de forma independente, sen que se contemple a posibilidade dunha defensa ou avaliación conxunta. Porén, permitirase que ambos os traballos poidan constituír un corpus multidisciplinar e que poidan ser codirixidos por profesorado de ambos graos, aínda que cada TFG terá a súa propia avaliación e cualificación final.

O estudantado non terá que ter superados todos os créditos correspondentes ao programa de simultaneidade para defender os traballos. Poderá defender o TFG de cada grao en canto acade os créditos necesarios para completar esa titulación particular (incluíndo os 18 créditos de materias optativas específicas da outra titulación).

Todo o relativo ao procedemento de inscrición, elaboración e defensa do TFG está recollido no regulamento dos traballos de fin de grao nas titulacións impartidas na Facultade de Filoloxía da UDC, aprobado en Xunta de Facultade e en Consello de

Goberno da UDC.

### **Artigo 15. Prácticas externas extracurriculares**

O estudantado poderá participar na convocatoria anual de prácticas extracurriculares para as titulacións de grao organizada polo Centro. O máximo de créditos ao que poderán optar por este concepto é 4,5, que figurarán no seu expediente como créditos de formación adicional, sen efecto no cálculo da media académica.

### **Artigo 16. Expedición dos títulos oficiais de grao**

O estudantado deberá solicitar a expedición de cada un dos dous títulos oficiais: Graduado/a en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios pola UDC e Graduado/a en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios pola UDC.

A solicitude farase perante a Administración da Facultade de Filoloxía, e aboaranse en concepto de expedición de cada título os prezos públicos establecidos a tal efecto pola Xunta de Galicia para cada curso académico.

Os trámites administrativos que se realicen para estes efectos serán, para cada título, os mesmos que están establecidos con carácter xeral no procedemento de expedición de títulos oficiais.

### **Disposición adicional primeira. Normativa supletoria**

Para o que non está establecido nesta normativa nin na memoria correspondente, os trámites académico administrativos relacionados con estes estudos regularanse pola normativa de xestión académica correspondente a cada curso académico e demais normativas da UDC que resulten de aplicación, así como por calquera outra norma de rango superior.

### **Disposición adicional segunda. Oferta e continuidade do Programa de Simultaneidade**

A UDC resérvase o dereito de non ofertar para promocións sucesivas o Programa de Simultaneidade de estudos que regulan esta normativa e a memoria correspondente se a demanda deste non se correspondese coa oferta académica anual; porén, o estudantado de continuación de estudos terá garantida a posibilidade de rematar os estudos do Programa de Simultaneidade.

### **Disposición transitoria. Curso académico de aplicación desta normativa**

Esta norma, xunto coa memoria do programa, serán de aplicación a todo o estudantado matriculado no programa a partir do curso académico 2026/2027.

### **Disposición derogatoria. Derrogación normativa**

Queda derogada a Normativa específica para o Programa de Simultaneidade do *Grao en español: estudos lingüísticos e literarios* e o *Grao en inglés: estudos lingüísticos e literarios*, aprobada polo Consello de Goberno do 23/03/2015 e modificada polo Consello de Goberno do 20/07/2017.



### **Disposición final primeira. Habilitación**

Corresponderalle á vicerreitoría competente en materia de titulacións a interpretación e resolución de cantas cuestións xurdiren en aplicación desta normativa.

### **Disposición final segunda. Entrada en vigor**

Esta norma entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

O reitor

Ricardo José Cao Abad

## Anexo I. Itinerario curricular específico

| 1º CURSO        |                                    |          |          |                 |                                              |          |          |
|-----------------|------------------------------------|----------|----------|-----------------|----------------------------------------------|----------|----------|
| 1º cuatrimestre |                                    |          |          | 2º cuatrimestre |                                              |          |          |
| Código          | Materia                            | Créditos | Carácter | Código          | Materia                                      | Créditos | Carácter |
| 202170          | Lingua Española 1                  | 6        | FB       | 202175          | Lingua e Cultura Clásica                     | 6        | FB       |
| 202171          | Lingua Galega 1                    | 6        | FB       | 200103          | Tecnoloxías da Información e da Comunicación | 6        | FB       |
| 202172          | Lingua Inglesa 1                   | 6        | FB       | 200104          | Lingua Inglesa 2                             | 6        | FB       |
| 202173          | Lingüística Xeral                  | 6        | FB       | 200105          | Historia                                     | 6        | FB       |
| 202174          | Introdución aos Estudos Literarios | 6        | FB       | 200106          | Literatura Inglesa 1                         | 6        | FB       |
| Total créditos  |                                    | 30       |          | Total créditos: |                                              | 30       |          |

| 2º CURSO        |                           |                     |          |                 |                       |          |          |
|-----------------|---------------------------|---------------------|----------|-----------------|-----------------------|----------|----------|
| Anual           |                           |                     |          |                 |                       |          |          |
| Código          |                           | Materia             |          | Créditos        |                       | Carácter |          |
| 200107          |                           | Literatura Española |          | 9               |                       | OB       |          |
| 200108          |                           | Literatura Galega   |          | 9               |                       | OB       |          |
| 1º cuatrimestre |                           |                     |          | 2º cuatrimestre |                       |          |          |
| Código          | Materia                   | Créditos            | Carácter | Código          | Materia               | Créditos | Carácter |
| 200109          | Lingua española 2         | 6                   | OB       | 200113          | Literatura Inglesa 2  | 6        | OB       |
| 200110          | Lingua Galega 2           | 6                   | OB       | 200114          | Técnicas de tradución | 6        | OB       |
| 200111          | Lingua Inglesa 3          | 6                   | OB       | 200115          | Lingua Inglesa 4      | 6        | OB       |
| Elixir 1        |                           |                     |          |                 |                       |          |          |
| 200112          | Idioma moderno: Francés   | 6                   | OB       |                 |                       |          |          |
| 202228          | Idioma moderno: Italiano  |                     |          |                 |                       |          |          |
| 202229          | Idioma moderno: Portugués |                     |          |                 |                       |          |          |
| 202231          | Idioma moderno: Alemán    |                     |          |                 |                       |          |          |
| Total créditos: |                           | 33                  |          | Total créditos: |                       | 27       |          |

| <b>3º CURSO</b>                    |                                         |          |          |                 |                                         |          |          |
|------------------------------------|-----------------------------------------|----------|----------|-----------------|-----------------------------------------|----------|----------|
| <b>Materias do grao en español</b> |                                         |          |          |                 |                                         |          |          |
| 1º cuadrimestre                    |                                         |          |          | 2º cuadrimestre |                                         |          |          |
| Código                             | Materia                                 | Créditos | Carácter | Código          | Materia                                 | Créditos | Carácter |
| 200117                             | Morfoloxía do español                   | 6        | OB       | 200120          | Sintaxe do español                      | 6        | OB       |
| 200118                             | Literatura española medieval            | 6        | OB       | 200121          | Historia do español                     | 6        | OB       |
| 200119                             | Literatura española do Século de Ouro 1 | 6        | OB       | 200122          | Literatura española do Século de Ouro 2 | 6        | OB       |
| <b>Materias do grao en inglés</b>  |                                         |          |          |                 |                                         |          |          |
| 1º cuadrimestre                    |                                         |          |          | 2º cuadrimestre |                                         |          |          |
| Código                             | Materia                                 | Créditos | Carácter | Código          | Materia                                 | Créditos | Carácter |
| 202261                             | Lingua inglesa e os seus usos 1         | 6        | OB       | 202265          | Literatura norteamericana 1             | 6        | OB       |
| 202262                             | Literatura inglesa (séculos XVI e XVII) | 6        | OB       | 202266          | Gramática inglesa                       | 6        | OB       |
| 202264                             | Fonética da lingua inglesa              | 6        | OB       | 202267          | Literatura poscolonial                  | 6        | OB       |
| Total créditos:                    |                                         | 36       | OB       | Total créditos: |                                         | 36       |          |

| <b>4º CURSO</b>                                                 |                                                   |          |          |                 |                                          |          |          |
|-----------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------|----------|----------|-----------------|------------------------------------------|----------|----------|
| <b>Materias do grao en español</b>                              |                                                   |          |          |                 |                                          |          |          |
| 1º cuatrimestre                                                 |                                                   |          |          | 2º cuatrimestre |                                          |          |          |
| Código                                                          | Materia                                           | Créditos | Carácter | Código          | Materia                                  | Créditos | Carácter |
| 201116                                                          | Fonética e Fonoloxía do español                   | 6        | OB       | 202217          | Gramática do texto                       | 6        | OB       |
| 200132                                                          | Literatura española dos séculos XVIII e XIX       | 6        | OB       | 202218          | Literatura española dos séculos XX e XXI | 6        | OB       |
| 202216                                                          | Literatura hispanoamericana                       | 6        | OB       |                 |                                          |          |          |
| <b>Materias do grao en inglés</b>                               |                                                   |          |          |                 |                                          |          |          |
| 1º cuatrimestre                                                 |                                                   |          |          | 2º cuatrimestre |                                          |          |          |
| Código                                                          | Materia                                           | Créditos | Carácter | Código          | Materia                                  | Créditos | Carácter |
| 202263                                                          | Cultura e civilización dos países de fala inglesa | 6        | OB       | 200166          | Estudos de lingua inglesa                | 6        | OB       |
| 200163                                                          | Literatura inglesa (séculos XVIII e XIX)          | 6        | OB       | 200167          | Literatura inglesa (séculos XX e XXI)    | 6        | OB       |
| 200164                                                          | Lingua inglesa e os seus usos 2                   | 6        | OB       |                 |                                          |          |          |
| Elixir dúas materias optativas das ofertadas no 2º cuatrimestre |                                                   |          |          |                 |                                          | 9        | OP       |
| Total créditos:                                                 |                                                   | 36       |          | Total créditos: |                                          | 33       |          |

| <b>5º CURSO</b>                                                 |                                                                |          |          |                                                                  |                                |          |          |
|-----------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------|----------|----------|------------------------------------------------------------------|--------------------------------|----------|----------|
| <b>Materias do grao en español</b>                              |                                                                |          |          |                                                                  |                                |          |          |
| 1º cuadrimestre                                                 |                                                                |          |          | 2º cuadrimestre                                                  |                                |          |          |
| Código                                                          | Materia                                                        | Créditos | Carácter | Código                                                           | Materia                        | Créditos | Carácter |
| 200131                                                          | Lexicoloxía e Semántica do español                             | 6        | OB       | 202219                                                           | Traballo Fin de Grao (Español) | 6        | OB       |
| 202215                                                          | Introdución á investigación sobre lingua e literatura española | 6        | OB       |                                                                  |                                |          |          |
| <b>Materias do grao en inglés</b>                               |                                                                |          |          |                                                                  |                                |          |          |
| 1º cuadrimestre                                                 |                                                                |          |          | 2º cuadrimestre                                                  |                                |          |          |
| Código                                                          | Materia                                                        | Créditos | Carácter | Código                                                           | Materia                        | Créditos | Carácter |
| 200162                                                          | Literatura norteamericana 2                                    | 6        | OB       | 200168                                                           | Traballo fin de grao (Inglés)  | 6        | OB       |
| 200165                                                          | Historia da lingua inglesa                                     | 6        | OB       |                                                                  |                                |          |          |
| Elixir dúas materias optativas das ofertadas no 1º cuadrimestre |                                                                | 9        | OP       | Elixir catro materias optativas das ofertadas no 2º cuadrimestre |                                | 18       | OP       |
| Total créditos                                                  |                                                                | 33       |          |                                                                  |                                | 30       |          |

### Materias optativas ofertadas

#### Do grao en español

| 1º cuatrimestre |                                                               | 2º cuatrimestre |                                                             |
|-----------------|---------------------------------------------------------------|-----------------|-------------------------------------------------------------|
| 200123          | Lecturas de literatura española. Prosa (3º curso, Español)    | 200127          | Lecturas de literatura española. Teatro (3º curso, Español) |
| 200124          | Español actual (3º curso, Español)                            | 200128          | Variedades de español (3º curso, Español)                   |
| 202220          | Técnicas de investigación literaria (4º curso, Español)       | 202224          | Lecturas de literatura española. Poesía (4º curso, Español) |
| 202221          | Cuestiones de historia da lingua española (4º curso, Español) | 202225          | Análise lingüística de textos españois (4º curso, Español)  |
|                 |                                                               | 200175          | Español como L2 (4º curso, Español)                         |

#### Do grao en inglés

| 1º cuatrimestre |                                                          | 2º cuatrimestre |                                                              |
|-----------------|----------------------------------------------------------|-----------------|--------------------------------------------------------------|
| 202268          | Técnicas de redacción e argumentación (3º curso, Inglés) | 202272          | Cuestiones de lingua inglesa (3º curso, Inglés)              |
| 202269          | Inglés científico-técnico (3º curso, Inglés)             | 200159          | A literatura inglesa e a súa crítica (3º curso, Inglés)      |
| 200169          | Variedades do inglés (4º curso, Inglés)                  | 200173          | Literatura irlandesa (4º curso, Inglés)                      |
| 200170          | Literatura inglesa e xénero (4º curso, Inglés)           | 200174          | Literatura norteamericana nos seus textos (4º curso, Inglés) |

Deberán cursar en total:

- dúas materias de 3º do Grao en Español
- dúas materias de 3º do Grao en Inglés
- dúas materias de 4º do Grao en Español
- dúas materias de 4º do Grao en Inglés

### Outras materias optativas que se poden cursar como formación adicional

| 1º cuatrimestre |                                                           | 2º cuatrimestre |                                   |
|-----------------|-----------------------------------------------------------|-----------------|-----------------------------------|
| 202271          | Filosofía e literatura                                    | 200161          | Linguaxe, discurso e comunicación |
| 202270          | Idioma moderno 2: Francés                                 | 200160          | Idioma moderno 3: Francés         |
| 200177          | Idioma moderno 2: Italiano                                | 200180          | Idioma moderno 3: Italiano        |
| 200178          | Idioma moderno 2: Portugués                               | 200181          | Idioma moderno 3: Portugués       |
| 200179          | Idioma moderno 2: Alemán                                  | 200182          | Idioma moderno 3: Alemán          |
| 200126          | Linguas do mundo                                          | 200130          | Estruturas e variedades do latín  |
| 200142          | Historia e cultura de Galicia                             | 200146          | Cultura latina medieval           |
| 200171          | Literatura e artes visuais                                | 200147          | As linguas románicas              |
| 200172          | Lingua galega e usos                                      | 200176:         | Idioma moderno 4: Francés         |
| 202222          | Contactos lingüísticos e literarios na tradición románica | 200183          | Idioma moderno 4: Italiano        |
| 202223          | Literatura latina                                         | 200184          | Idioma moderno 4: Portugués       |
| 200157          | Literatura comparada                                      | 202226          | Lingua e sociedade                |
| 200158          | Linguas e tecnoloxías                                     | 202227          | Literatura e cultura              |
|                 |                                                           | 202259          | Literaturas románicas             |
|                 |                                                           | 200129          | Literatura galega contemporánea   |

A oferta de materias de formación adicional actualizarase cada curso na páxina web do centro.

## Anexo II. Táboa de recoñecementos mutuos entre as dúas titulacións

| Grao en Español |          |                                          |       |          | PROGRAMA ACADÉMICO DE<br>SIMULTANEIDADE |            |
|-----------------|----------|------------------------------------------|-------|----------|-----------------------------------------|------------|
| Código          | Créditos | Materia                                  | Curso | Carácter | Código                                  | Materia    |
| 200123          | 4,5      | Lecturas de literatura española. Prosa   | 3º    | OP       |                                         | recoñecida |
| 200124          | 4,5      | Español actual                           | 3º    | OP       |                                         | recoñecida |
| 202220          | 4,5      | Técnicas de investigación literaria      | 4º    | OP       |                                         | recoñecida |
| 202221          | 4,5      | Cuestións de historia da lingua española | 4º    | OP       |                                         | recoñecida |
| 200127          | 4,5      | Lecturas de literatura española. Teatro  | 3º    | OP       |                                         | recoñecida |
| 200128          | 4,5      | Variedades de español                    | 3º    | OP       |                                         | recoñecida |
| 202224          | 4,5      | Lecturas de literatura española. Poesía  | 4º    | OP       |                                         | recoñecida |
| 202225          | 4,5      | Análise lingüística de textos españois   | 4º    | OP       |                                         | recoñecida |
| 200175          | 4,5      | Español como L2                          | 4º    | OP       |                                         | recoñecida |

| Grao en Inglés |          |                                           |       |          | PROGRAMA ACADÉMICO DE<br>SIMULTANEIDADE |            |
|----------------|----------|-------------------------------------------|-------|----------|-----------------------------------------|------------|
| Código         | Créditos | Materia                                   | Curso | Carácter | Código                                  | Materia    |
| 202268         | 4,5      | Técnicas de redacción e argumentación     | 3º    | OP       |                                         | recoñecida |
| 202269         | 4,5      | Inglés científico-técnico                 | 3º    | OP       |                                         | recoñecida |
| 200169         | 4,5      | Variedades do inglés                      | 4º    | OP       |                                         | recoñecida |
| 200170         | 4,5      | Literatura inglesa e xénero               | 4º    | OP       |                                         | recoñecida |
| 202272         | 4,5      | Cuestións de lingua inglesa               | 3º    | OP       |                                         | recoñecida |
| 200159         | 4,5      | A literatura inglesa e a súa crítica      | 3º    | OP       |                                         | recoñecida |
| 200173         | 4,5      | Literatura irlandesa                      | 4º    | OP       |                                         | recoñecida |
| 200174         | 4,5      | Literatura norteamericana nos seus textos | 4º    | OP       |                                         | recoñecida |

### Anexo III. Solicitud de admisión en 3º curso

#### DATOS PERSOAIS

|                      |                    |                  |
|----------------------|--------------------|------------------|
| Nome e apelidos      |                    | DNI ou pasaporte |
| Teléfono de contacto | Correo electrónico |                  |

#### EXPOÑO:

Que son alumna/o de 2.º curso da titulación de

- ☐ Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios
- ☐ Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios
- ☐ Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios

#### SOLICITO:

A admisión para o curso académico 20 /20 no

- ☐ Programa de Simultaneidade do Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios
- ☐ Programa de Simultaneidade do Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios
- ☐ Programa de Simultaneidade do Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios

A Coruña, de de 20

Asinado

## Anexo IV. Solicitud de abandono do programa de simultaneidade

### DATOS PERSOAIS

|                      |                           |                  |
|----------------------|---------------------------|------------------|
| Nome e apelidos      |                           | DNI ou pasaporte |
| Teléfono de contacto | Correo electrónico da UDC |                  |

### EXPOÑO:

Que son alumno/a do

- ☐ Programa de Simultaneidade do Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios
- ☐ Programa de Simultaneidade do Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios
- ☐ Programa de Simultaneidade do Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios e o Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios

### SOLICITO:

|                                                                                        |
|----------------------------------------------------------------------------------------|
| Abandonar o devandito programa de simultaneidade e continuar coa titulación de         |
| <input type="checkbox"/> Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios            |
| <input type="checkbox"/> Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios |
| <input type="checkbox"/> Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios             |

A Coruña, de de 20

Asinado